

ADULTOS



Jesús Carrasco
Intemperie




JESÚS CARRASCO

Intemperie.

Ed. Seix Barral.

Un neno, un cabreiro e un alguacil. Simbolizan a inocencia, o ben e o mal Conta a fuxida dun neno a través dun país castigado pola sequía e gobernado pola violencia.

María Reimóndez
A dúbida



MARÍA REIMÓNDEZ

A dúbida.

Unha muller é sorprendida pola chegada da policía á súa casa para deter o seu home, un político, por un presunto delito de abusos sexuais de menores. XIV Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia

PAULA HAWKINS



La chica del tren

Ed. Planeta.


Estabas no tres ás 8,04?. Viche algo sospeitoso? Rachel, si..... Ti non a coñeces, pero ela a ti si. Novela chea de suspense e intriga dende a primeira ata a derradeira liña.



PARA VER



VERÁN 2016 VERÁN 2016



O Equipo de Biblioteca do IES de Monterroso deséxavos a todas/os UN VERÁN DE FELICES E REFRESCANTES LECTURAS



NOTA. Podedes levar en préstamo todos os libros que queirades, NON HAI LÍMITE !!!!

PRIMEIRO CICLO ESO

JORDI SIERRA I FABRA.
La música del viento.

Ed. Del bronco
Explotación laboral infantil na India do século XXI. Despois de ler esta novela seguro que deixas de mercar as fermosas alfombras orientais.



MANUEL MARÍA
Os soños na gaiola.

Ed. Xerías
Un clásico da nosa literatura infantil. Medio cento de poemas sobre o mundo infantil galego. O sol, as estrelas, a lúa, o arco da vella... as campás, o chifre, o muíño, o ourizo, a fouce, o bolo, o foguete, o carro, o tractor, o arado.... O labrego, o afiador, o lume novo, o pastor, a boneca....o año, a bolboreta, o caracol, a pita choca, a vaca, o burro, a lebre, o galo, o gato, o lobo, o grilo, o corvo, o merlo, o carrizo, o pazpallar, o cuco, o pardal, as pegas... todo fala e canta



MARINELLA TERZI
El hijo del pintor.

Ed. Anaya
Biografía novelada da infancia do escritor Michael Ende. Xa dende pequeno engaiolaba ós seus compañeiros nos recreos con fermosas historias.


SEGUNDO CICLO ESO



LEDICIA COSTAS
O corazón de Xúpiter

Ed. Xerais
Non foi doado para Isla mudar de cidade e empezar de cero nun novo instituto. Navegando polo ciberespazo coñece a Xúpiter. Isla sentiu a necesidade de sabelo todo sobre Xúpiter: onde vivía, a que instituto ía, o seu nome real... Quedaron para se coñecer nunha noite de San Xoán de cacharelas e mar embravecido. Foi entón, despois de despedirse da súa amiga Mar, cando Isla se precipitou na escuridade. A súa vida estaba a piques de cambiar para sempre.

ROSA ANEIROS.
Ámote Leo A. Ed. Xerais



BACHARELATO/CICLOS

HIROME KAWAKAMI
O maletín do mestre.

Ed. Rinoceronte
Fermosísima historia de amor. Pero non é unha historia de amor máis. É unha historia de amor moi simple ("Sentíame feliz ó seu lado. Eso era todo"); unha historia de amor na que todo ocorre "por casualidade"; na que os encontros entre os namorados carecen de contido preciso pero transfórmanos en significativos .



MARCOS CALVEIRO
As palabras poden matar

Ed. Xerais
Na colonia Seavia, morren cada ano máis de trinta mulleres, homes e nenos vítimas da violencia. Os seus habitantes están todos xordos, mudos e cegos, porque saben que as palabras poden matar. Cando aparece Silencio, un guedellán que só fala coas mans e coa faciana.....

IGLESIAS TURNES

Que non te aten. Ed. Xerais.

En Cabanas conviven e compiten por ter cada vez máis os da granxa O Agro da Presa con cincocentas cabezas de gando e os da granxa O Penedo.. Relato da vida interior dunha aldea do noso tempo, dende a ollada das persoas novas que apostaron por construír alí as súas vidas.

